



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACION DE SUBMINISTRO DE "GASOLEO A" PARA ABASTECER OS VEHICULOS E MAQUINAS DO PARQUE DE MAQUINARIA DO CONCELLO. APERTURA PROPOSTA ECONOMICA.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e trinta minutos do día 12 de agosto de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria acctal. do concello D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Blanco Martínez, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D<sup>a</sup> Carmen López Villar.

Unha vez que a Mesa de Contratación realizada o pasado día 7 de agosto, acordou admitir á única empresa presentada á licitación, Cepsa Comercial Noroeste, S.L., con enderezo en avda. Reyes Leoneses, 14-5<sup>a</sup> planta, edificio Europa, cp 24008 León, se procede pola Presidencia á apertura do sobre B - Proposta económica .

A empresa Cepsa Comercial Noroeste, S.L., presenta oferta económica indicando que ofrece un prezo do parámetro DELTA de 0,0598 €/l., para un máximo establecido de gasto de 73.077,38€, IVE e impostos incluídos, acompañando documentos a efectos do indicado no prego de prescricións técnicas, cláusula 5<sup>a</sup>.

O tipo de licitación establecido, de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas aprobados, será en función do parámetro DELTA, segundo a fórmula establecida, que non poderá ser superior a 0,06 €/l.

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Proponer como proposta máis vantaxosa á única empresa presentada á licitación, Cepsa Comercial Noroeste, S.L., NIF B24325557, que ofrece un prezo do parámetro DELTA de 0,0598 €/l.

2º.- Solicitar ao técnico redactor das prescriciones técnicas D. Carlos Barros López, Xefe de Maquinaria da Excm. Deputación Provincial informe á proposta presentada aos efectos de elevar ao órgano de contratación para a súa adxudicación.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Carmen López Villar.

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA ACCTAL.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: M<sup>a</sup> Jesús Blanco Martínez.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

